



*Convenio específico entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA) e a empresa
Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de
formación profesional*

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou, o trinta de outubro de dous mil dezasete, co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, (INTA), e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. o instrumento convencional arriba referido coa vixencia do convenio marco, vixente ata o 27 de xuño de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Desenvolver o contido da cláusula terceira do convenio marco: impartición conxunta de ensinanzas de formación profesional. Trátase de establecer as condicións da colaboración entre as partes para impartir no CIFP As Mercedes de Lugo ensinanzas de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos, concretamente o ciclo formativo de grado superior Mantemento aeromecánico, que se impartirá compartidamente nas instalacións do CIFP As Mercedes, nas do INTA e nas da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. No convenio marco, asinado o día vinte sete de xuño de 2016, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial,





INTA, e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional.

2. Na súa cláusula terceira que contempla que o INTA e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. apoiarán a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos para o que estudarán as posibilidades de por a disposición, nas condicións que se determinen, as instalacións, os equipamentos e o persoal experto que sexa necesario.

3. No interese das partes en colaborar conxuntamente na formación do alumnado e por a disposición as instalacións necesarias para poder ofertar no CIFP As Mercedes o título de Técnico superior en Mantemento Aeromecánico, de oferta única en Galicia:

- Do INTA Organismo Público de Investigación especializado na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico aeroespacial que ten, en Castro de Rei (Lugo), o Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR), que é un centro de ensaios e investigación pioneiro que ofrece as infraestruturas e os equipamentos en terra necesarios para o desenvolvemento das aeronaves e a avaliación das campañas a realizar coas mesmas, de forma que se podan levar a cabo os volos de forma eficiente e segura.
- Da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. como centro de mantemento de aeronaves autorizado para avións, helicópteros, ULM, barcos de vela; sito no Aeródromo de Rozas (Lugo), cunha ampla experiencia no mantemento, reparación e inspección de todo tipo de aeronaves, preservación, overhaul, substitución de motores e hélices, tratamento, calibracións de pitot-estática, pintura, pesadas, etc.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

